



Salustiano Mato, Director Xeral de I+D+i

“É fundamental apostar por manter e aumentar a competitividade do granito e potenciar a súa innovación ”

Salustiano Mato é Licenciado en Bioloxía pola Universidade de Santiago de Compostela e doutor en Bioloxía por esta institución académica e ten realizado o postdoutoramento nas universidades de Cornell e Rutgers de Estados Unidos, no eido da compostaxe. É Catedrático de Bioloxía Animal da Universidade de Vigo.

A súa experiencia profesional está moi vencellada ó mundo universitario no que ten desenvolvido, entre outras responsabilidades, o cargo de Vicedecano da Facultade de Ciencias de Ourense, a Dirección do Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Animal da Universidade de Vigo ou o Decanato da Facultade de Ciencias de Vigo, ademais de ser membro da Executiva da Sectorial de I+D+i da CRUE, e Vicerreitor de Investigación da Universidade de Vigo, dende 1998 a 2005.

A súa experiencia docente é ampla. Ten sido profesor da Escola Técnica de Enxeñeiros Agrónomos de Lugo; profesor da Facultade de Ciencias de Ourense e, dende o ano 2000, exerce como catedrático na Universidade de Vigo con docencia na Facultade de Bioloxía. Asemade, publicou máis de cen traballos científicos dos cales máis da metade o foron en revistas de ámbito internacional, no campo da Ecoloxía do Solo e do Tratamento de Residuos.



En xaneiro anunciouse a creación de 9 plataformas tecnolóxicas dos principais sectores de Galicia. Fálenos un pouco desta iniciativa.

As Plataformas Tecnolóxicas Galegas son instrumentos específicos que reúnen aos axentes representativos de cada sector (empresas, centros tecnolóxicos, organismos públicos de investigación, etc.) para definir unha axenda estratéxica de investigación e innovación a medio e longo prazo. Están lideradas normalmente pola industria e o seu obxectivo fundamental é o planeamento da estratexia de I+D+i en cada sector a través de actuacións científico-tecnolóxicas. O ano pasado promovemos desde a Consellería de Innovación e Industria a creación das nove primeiras Plataformas Tecnolóxicas de Galicia, proporcionándolles financiamento para a súa posta en marcha a través das axudas para o Fomento da Innovación Empresarial.

Estas primeiras plataformas abranguen os sectores da madeira, a pesca, a automoción, a acuicultura, o granito, a agroalimentación, a construción naval, os materiais e procesos de fabricación e as TIC. Continuando este proceso, na convocatoria de axudas de 2007 subvencionaremos a creación de novas plataformas en sectores que así o precisen e abriremos unha liña de axudas para a consolidación das plataformas xa creadas.

Un dos obxectivos que nos marcamos no novo Plan Galego de I+D+i 2006-2010 IN.CI.TE. foi a articulación do sistema galego de investigación, desenvolvemento e innovación, e nese camiño a creación das plataformas tecnolóxicas constitúe un paso fundamental.

O sector do granito conta cunha plataforma liderada pola Fundación Centro Tecnolóxico do Granito, ¿En qué fase se atopa? ¿Cales cree que deben ser as principais vías de actuación?

Entre as nove primeiras plataformas creadas o ano pasado está efectivamente a Plataforma Tecnolóxica do Granito, que persegue o fomento das innovacións tecnolóxicas, comerciais e organizativas no sector a través da cooperación entre a Administración, as universidades e a industria. O promotor da Plataforma é a Fundación do Centro Tecnolóxico do Granito e entre as entidades adheridas están grupos de investigación da Universidade de Vigo e asociacións como a Cámara Oficial Mineira de Galicia, a Asociación de Canteiras de Galicia, a AGG e a Asociación Galega de Fabricantes de Maquinaria. Unha vez creada a plataforma, o obxectivo agora é definir unha axenda estratéxica de I+D+i a medio e longo prazo no sector e consolidar a plataforma con iniciativas concretas.

Para elo levaranse a cabo actuacións encamiñadas a potenciar a cooperación entre os distintos axentes do sistema galego de innovación, impulsar a participación das entidades involucradas na Plataforma do Granito en programas nacionais e internacionais e favorecer a realización de proxectos científico-tecnolóxicos singulares e de carácter estratéxico que se realicen de xeito cooperativo. En definitiva, a Plataforma Tecnolóxica do Granito fará de guía tecnolóxica e estratéxica do sector, realizando un esforzo sistemático e organizado de observación, captación, análise, difusión precisa e recuperación de información sobre os feitos do entorno económico, tecnolóxico, social e comercial relevantes. Un traballo que sen dúbida contribuirá significativamente ao desenvolvemento e incremento da competitividade do sector do granito galego.

¿Considera que o granito e un dos sectores estratéxicos polos que debe apostar Galicia?

Galicia é a principal produtora de granito en España, polo que a súa importancia no comercio exterior deste produto e o seu peso substancial na economía galega son moi significativos. Deste xeito, e dado o carácter altamente internacionalizado deste sector, é fundamental apostar por manter e aumentar a súa competitividade e potenciar a súa innovación, con especial relevancia no eido loxístico, para non perder postos fronte aos países emerxentes como China, India ou Brasil.

Precisamente por ser un dos sectores estratéxicos polos que Galicia debe apostar a través da I+D+i, o granito é un dos primeiros sectores en contar cunha plataforma tecnolóxica propia.

¿Cal é a súa valoración sobre os grados de maduración da I+D+i dos principais sectores produtivos existentes en Galicia (automoción, pesca, madeira, pedra natural,...) e cómo afectará aos modelos de posta en marcha real das diferentes iniciativas de plataformas tecnolóxicas?

Non existe unha norma xeral neste caso. Existen sectores xa consolidados, como pode ser o da automoción, que teñen un forte desenvolvemento en I+D+i que repercute directamente e de forma moi positiva na súa Plataforma Tecnolóxica. Outros sectores non tan maduros e emerxentes, como pode ser o sector das tecnoloxías da información e as comunicacións, necesitan a I+D+i para o seu propio desenvolvemento, e polo tanto, nestes casos a plataforma constituirá un instrumento fundamental para levar a cabo as actuacións científico-tecnolóxicas necesarias. Sexa como for, en todos os casos as plataformas tecnolóxicas constituirán un foro de encontro das empresas e dos distintos actores de cada sector para levar a cabo proxectos en cooperación de I+D+i, que terán

diferentes obxectivos dependendo do grao de maduración no que se atopa cada sector.

¿Existe algunha partida presupuestaria específica para o sector do granito dentro da Dirección Xeral?

O ano pasado financiouse a través das axudas para o Fomento da Innovación Empresarial a posta en marcha da Plataforma Tecnolóxica do Granito. A convocatoria destas axudas de 2007 apoiará a consolidación das plataformas creadas. Deste xeito, a Plataforma (e á súa vez o sector do granito) poderá beneficiarse das axudas destinadas a promover proxectos de cooperación no marco da Axenda Estratéxica de Investigación definida pola plataforma e das subvencións para potenciar a participación en programas



estatais e internacionais de I+D das empresas e entidades adheridas á plataforma. Ademais destas axudas específicas para as plataformas, as entidades do sector do granito poden beneficiarse das diferentes convocatorias de I+D+i que realiza a Dirección Xeral de I+D+i, entre elas as axudas sectorias (para investigación aplicada, PEME I+D e I+D SUMA), que inclúe entre as súas liñas prioritarias as tecnoloxías dos materiais e da construción.

¿En qué aspectos do proceso de extracción e transformación do granito cre que debe centrarse o I+D+i?

A nova PTG será a que defina a axenda estratéxica de investigación e innovación a medio e longo prazo. Pero en todo caso consideramos que as estratexias e os plans necesarios para acadar unha mellora na competitividade das empresas e facer do granito un sector máis sostible, tanto desde o punto de vista económico como social e ambiental, deben ir encamiñadas ao desenvolvemento de novos sistemas produtivos e novos deseños de maquinaria adaptada a estes procesos. É prioritario que o sector identifique e defina os seus retos de innovación para que se produza unha evolución tecnolóxica que teña como resultado a oferta dun produto non só de gran calidade senón tamén de excelentes acabados.